

COMUNICADO DA XERENCIA SOBRE O NEGATIVA DA XUNTA DE PERSOAL DE NEGOCIAR OS CRITERIOS DE EXECUCIÓN DA RELACIÓN DO POSTOS DE TRABALLO DO PAS FUNCIONARIO

Vigo, 15 de setembro de 2016

O 8 de setembro a Xerencia da Universidade de Vigo convocou á Xunta do Persoal Funcionario de Administración e Servizos a unha reunión, que tivo lugar este mércores 14 de setembro, para negociar os criterios de execución da relación de postos de traballo aprobada o pasado 22 de xullo polo Consello de Goberno.

Nesta reunión, que comezou pasadas as 12:30 h. a Xerencia entregou o documento denominado "Proposta da Xerencia de criterios para a execución da Relación de Postos de Traballo do PAS funcionario". Como o seu título indica, se trata dunha proposta, dun documento de traballo, que debe ser obxecto de negociación, recolle os principios reitores do que debe ser a execución da RPT aprobada e unha serie de criterios que teñen por obxectivo, entre outros, evitar a necesidade de concursar obrigatoriamente, mediante a asignación de destino definitivo á maior parte do persoal afectado.

Unha vez presentada a proposta pola Xerencia, o Presidente da Xunta de Persoal, Xoán Cebro, informou que a Xunta de Persoal acordara, tal e como el mesmo xa adiantara fai uns días en diversos correos electrónicos, non negociar os criterios de execución e non participar en ningún outro proceso de negociación que a Xerencia da Universidade puidera promover, citando expresamente o posible proceso de funcionarización do PAS laboral da Universidade de Vigo.

A Xerencia considera que é importante que o persoal funcionario da Universidade de Vigo coñeza a proposta que foi entregada, facendo saber que está no seu ánimo tentar negociar, ata onde sexa posible, estes criterios, no afán de chegar a un consenso sobre os mesmos, o que facilitaría enormemente a asignación de destinos definitivos. Por esta razón faise público este documento.

Non son admisibles as acusacións por parte do sector maioritario da Xunta de Persoal de falta de negociación da RPT aprobada polo Consello de Goberno, menos cando esta mesma parte negouse, na práctica, a participar na negociación tentando sempre buscar algunha razón que xustificara unha ruptura do proceso negociador. As actas, asinadas polo Presidente da Xunta de Persoal e polo Xerente da Universidade, de todas as reunións mantidas, que convidamos ás persoas interesadas a consultar, son un reflexo das actitudes e a disposición que cada parte mantivo ao longo de mais dun ano de reunións.